

AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA “CAMPUS CIENTÍFICOS DE VERÁN” para alumnos de 4º ESO e 1º de BACHARELATO durante o ano 2018. (BOE 15 de febreiro de 2018).

1-DESCRIPCIÓN:

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte convoca ata 1560 axudas para participar no Programa Campus Científico de Verán para alumnos de 4º curso de ESO e o 1º curso de Bacharelato, na especialidade de Ciencias e Tecnoloxía.

2- DESTINATARIOS.

- * Alumnado de 4º de Educación Secundaria Obrigatoria no ano 2017-2018.
- * Alumnado de 1º de Bacharelato da modalidade de Ciencias

3-FINALIDADE

Ter unha primeira experiencia de contacto coa labor investigadora a través da súa participación en proxectos de acercamento científico deseñados e dirixidos por profesores universitarios, en colaboración con profesores de ensinanza secundaria.

4-REQUISITOS:

- Estar cursando, no ano académico 2017-2018 ensinanzas de primeiro curso de **Bachillerato na modalidade de Ciencias**, ou **cuarto curso de ESO** na opción de ensinanzas académicas cursando as materias troncais de **“bioloxía y xeoloxía” e “física e química”** ou na opción de ensinanzas aplicadas cursando as materias troncais de **“ciencias aplicadas á actividade profesional” e “tecnoloxía”**
- Ter nacido con posterioridade ó 31 de decembro de 2000.
- Non ter participado en edicións anteriores ó Programa Campus Científico de Verán.
- Ter acadado unha nota media igual ou superior a **8,5 puntos** nos estudos cursados no ano escolar 2016-2017.
- Estar situado nun lugar de orden de prelación de solicitudes que permita a obtención dunha das axudas convocadas, tal e como consta no artigo 7 das bases.

5-PERIODO DE REALIZACIÓN: Os Campus terán lugar do 1 ao 28 de Xullo de 2018, en catro turnos de 7 días de duración, de domingo pola tarde ata o sábado ó mediodía según o seguinte calendario:

- Primer turno: Para estudantes de 1º de Bachillerato. Do 1 ao 7 de xullo.
- Segundo turno: Para estudantes de 1º de Bachillerato. Do 8 ao 14 de xullo.
- Terceiro turno: Para estudantes de 4º de ESO. Do 15 ao 21 de xullo.
- Cuarto turno: Para estudantes de 4º de ESO. Do 22 ao 28 de xullo.

Desenvólvense en laboratorios e departamentos de investigación adscritos aos Campus de Excelencia Internacional de Universidades: Universidade Autónoma de Madrid, Universidade de Castela a Mancha, Universidade de Granada, Universidade de Extremadura, Universidade das Palmas de Gran Canaria, Universidade de Murcia/Universidade Politécnica de Cartagena, Universidade de Oviedo, Universidade de Salamanca, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Sevilla, Universidade de Valencia/Universidade Politécnica de Valencia, Universidade de Valladolid, Universidade de Vigo.

Os proxectos ofertados, enmárcanse nalgunha das áreas científicas: física, química, matemáticas, ciencias da natureza e medioambientais e as disciplinas asociadas, e poderán consultarse na páxina web www.campuscientificos.es

6- PRAZO: Dende o 16 de febreiro de 2018 ata o 09 de marzo de 2018 ás 15:00

7- SOLICITUDE: A presentación de solicitudes deberá facerse mediante formulario online accesible en www.campuscientificos.es Unha vez cumprimentado o formulario enviarase telemáticamente ou tamén poderá presentarse a solicitude impresa.

Coa solicitude deberá adxuntarse a documentación adicional indicada no artigo 6 da convocatoria.

8-PRECIO: Os estudantes que obteñan praza deberán aboar a cantidade de 85 euros, en concepto de matriculación.

9- DOTACIÓN: O importe da axuda será transferido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT). A axuda cubre os gastos de materiais, actividades complementarias, aloxamento, asistencia de monitores, manutención e seguro de accidentes e responsabilidade civil. Corre a cargo do beneficiario ao traslado ao campus asinado desde o seu lugar de orixe e os gastos non derivados do programa.

MÁS INFORMACIÓN:

[Web MEC](#)

[Web Campus Científicos](#)

[BOE 15.02.2018](#)

CONTACTO:

Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología

calle Pintor Velázquez, 5

28100 Alcobendas (Madrid)

Teléfono: 91 425 18 18

informacion@campuscientificos.es

E-mail: informacion@campuscientificos.es

En Monterroso a 28 de febreiro de 2018.

A orientadora.